

Convocatoria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural para o día 20 de outubro de 2021.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

Polo exposto, e á vista dos expedientes de competencia da dita comisión que constan con proposta de resolución nesta Secretaría Xeral, propono que pola Presidencia da comisión, se dite a seguinte resolución:

Convocar a Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural en sesión **ordinaria**, para o **día 20 de outubro de 2021**, ás 18.00 horas, no salón de plenos da Deputación Provincial, coa seguinte orde do día:

1. 2021/51G/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 15 de setembro de 2021.

2. 2021/11363J

Dación de conta do acordo da Xunta de Goberno de expropiación forzosa para a execución das obras de “urbanización de parcela con destino a futuro centro de saúde”, incluídas no Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal co número 192, aprobado definitivamente o 29 de xaneiro de 2021 (BOP nº 33, de 10 de febreiro de 2021), no termo municipal de Boborás.

3. 2020/29326V PRESIDENCIA

Resolución do recurso de reposición formulado por D.^a Hilda López López, contra o acordo da Xunta de Goberno do 21 de xuño de 2021, polo que se aprobou de xeito definitivo o expediente de expropiación para execución da obra de saneamento en Corneda e Ferradal e acondicionamento de camiños en San Cibrao, Outeiro de Beacán e outros núcleos no municipio da Peroxa, n.º 62/POS/2020.

4. 2021/13758Q PRESIDENCIA

Bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de mocidade para o exercicio 2022.

5. 2021/13756Z PRESIDENCIA

Bases reguladoras do Programa provincial de cooperación cos concellos e a entidade local menor de Berán en materia de empregabilidade para o exercicio 2022.

6. 2021/13762C PRESIDENCIA

Bases reguladoras do Programa provincial de Cooperación cos concellos e mancomunidades para a realización de actuacións de limpeza das marxes das redes viarias municipal e provincial no exercicio 2022.

7. 2021/14366A NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Moción do Grupo Socialista sobre o parque empresarial de Taboadela.

8. MOCIÓN DE URXENCIA.

9. ROGOS E PREGUNTAS.